

1º ESO

Contidos mínimos de Xeografía e Historia.

Bloque 1 .- O medio físico

Unidade 1.- A Terra: planeta do sistema solar.

- Coñece as características que teñen os planetas e sitúa o planeta Terra detro do sistema solar.
- Define e comprende os dous movementos do planeta Terra.
- Sabe localizar un lugar a partir das coordenadas xeográficas
- Distingue e diferencia os diferentes tipos de mapas.
- Sabe definir os conceptos básicos do tema

Unidade 2.- O relevo da terra.

- Coñece as diferentes capas da Terra.
- Enumera e explica os axentes internos da formación do relevo.
- Enumera e explica os axentes externos da formación do relevo.
- Localiza sobre mapas físicos os elementos principais do relevo do mundo, de Europa e de España según o listado facilitado nas fichas de clase.
- Sabe definir os conceptos básicos.

Unidade 3.- A Hidrosfera: auga doce e auga salgada.

- Enumera os diferentes aproveitamentos da auga.
- Explica o ciclo da auga.
- Localiza sobre mapas físicos os principais océanos, mares e ríos do mundo, de Europa e de España según o listado facilitado nas fichas de clase.
- Sabe definir os conceptos básicos do tema.

Unidade 4.- O tempo atmosférico.

- Enumera as consecuencias da radiación solar sobre a superficie terrestre.
- Coñece os mecanismo da formación das precipitacións e os tipos de precipitacións.
- Defini o concepto de presión atmosférica e diferencia un anticiclón dunha borrasca.
- Recoñece nun mapa do tempo os elementos meteorolóxicos representados.
- Sabe definir os conceptos básicos do tema.

Unidade 5.- Os climas da Terra.

- Enumera e explica os factores que condicionan as temperatura.
- Enumera e explica os elementos que condicionan a distribución das precipitacións.
- Coñece as características xerais dos diferentes tipos de clima
- Localiza sobre un mapa físico os diferentes tipos de clima.
- Le e interpreta un climograma.
- Sabe definir os conceptos básicos do tema.

Unidade 6.- As paisaxes de climas temperados.

- Distingue e diferencia a través de imaxes unha paisaxe natural dunha paisaxe humanizada.
- Sintetiza as características básicas do clima e vexetación oceánica.
- Sintetiza as características básicas do clima e vexetación mediterránea.
- Sintetiza as características básicas do clima e vexetación continental.
- Localiza nu mapa de España os diferentes paisaxes naturais.
- Saber definir os conceptos básicos do tema.

Unidade 7.- As paisaxes de climas extremos.

- Sintetiza as características básicas do clima e vexetación ecuatorial.
- Sintetiza as características básicas do clima e vexetación tropical
- Sintetiza as características básicas do clima e vexetación da paisaxe desértica cálida.
- Sintetiza as características básicas do clima e vexetación do clima de alta montaña e polar
- Localiza nu mapa físico as paisaxe das rexións cálidas e frías.
- Sabe definir os conceptos básicos do tema.

Unidade 8.- Os problemas ambientais.

- Enumera e explica de maneira sinxela os principais riscos naturais
- Diferencia os riscos naturais dos xerados pola acción do home.
- Sintetiza os principais problemas medioambientais que se relacionan coa cidade.
- Sabe definir os conceptos básicos do tema.

Bloque 2 .- Historia

Unidade 9.- A Prehistoria.

- Identifica diferentes tipos de fontes.
- Coñece o nome e a duración das agrupación dos anos que realiza o historiador: década, quinquenio, século, milenio.
- Explica a datación do mundo de tradición occidental a partir da era cristiá.
- Sabe intepretar o eixe cronolóxico das idades de historia
- Enumera os cambios que levaron aos homínidos ata o home actual.
- Explica as formas de vida e actividades dos homes do paleolítico.
- Explica os cambios nas formas de vida e actividades dos homes na etapa neolítica
- Coñece os cambios na sociedade dos primeiros metalúrxicos.
- Recoñece imaxes da pintura rupestre: identificar os temas e a súa función.
- Describi un dolmen e a función que tiña.
- Sabe definir os conceptos básicos do tema.

Unidade 10.- As primeiras civilización: Mesopotamia e Exipto

- Relaciona a importancia dos grandes ríos na aparición das primeiras civilizacións.
- Sabe localizar nun mapa a civilización mesopotámica e exipcia.
- Explica de maneira sinxela a organización da sociedade exipcia.
- Enumera os poderes do faraón e explicar o valor dos atributos que aparecen nas imaxes que o representan.
- Enumera as escrituras propias de Mesopotamia e Exipto e as causas da súa aparición
- A relixión exipcia.
- Relaciona a crenza na vida de ultratumba e os ritos funerarios na sociedade exipcia.
- Identifica as diferentes tumbas exipcias.
- Saber definir os conceptos básicos do tema.

Unidade 11.- Grecia de polis a imperio.

- Coñece as etapas e a cronoloxía básica da civilización grega,
- Localiza nun mapa o ámbito xeográfico da Grecia clásica, da expansión da colonización grega no mediterráneo e do imperio de Alexandre Magno.
- Identifica en imaxes as diferentes parte dunha polis.
- Identifica a orixe grega do concepto de democracia, caracteriza o funcionamento da democracia ateniense e reflexiona sobre as súas características.
- Sabe definir os conceptos básicos do tema..

Unidade 12.- Colonizacións e pobos prerromanos.

- Localiza nun mapa os pobos celtas, iberos e os asentamentos no mediterráneo dos pobos chegados do mediterráneo oriental.

- Comenta unha liña do tempo na que se representan os pobos que conviveron na Península no primer milenio a. C.
- Coñece a forma de vida, a organización e crenzas dos habitantes dos castros.
- Coñece as formas de vida e crenzas dos iberos.
- Sabe as achegas dos colonizadores aos pobos autóctonos da Península.
- Sabe os rasgos esenciais da arte celta e ibérica.
- Sabe definir os conceptos básicos do tema.

Unidade 13.- Roma, da República ao Imperio.

- Localiza sobre un eixe cronolóxico as etapas e feitos máis salientables da historia de Roma.
- Identifica en un mapa os limes do Imperio romano e os territorios que o conformaron.
- Coñece as institución e funcións do goberno da República.
- Explica de forma sinxela os grupos sociais da Roma imperial.
- Enumera os poderes que concentrou o emperador romano.
- Coñece a orixe da “pax romana” e as súas consecuencias
- Explica e sintetiza as principais causas da crise do Imperio romano.
- Sabe definir os conceptos básicos do tema.

Unidade 14.- O legado da Antigüidade.

- É capaz de recoñecer a orixe grega da terminoloxía científica actual.
- Identifica os nomes gregos dos deuses e a súa correlación cos nomes romanos.
- Identifica as características das ordes arquitectónicas gregas e as aportacións romanas.
- Explica as características xerais da arte romana e describe algunhas das súas manifestacións máis relevantes.
- Enumera as diferentes partes do teatro grego e as súas funcións.
- Describe as diferentes partes dunha terma romana e as súas funcións.
- Coñece as características xerais da escultura grega e diferencia, a partir de imaxes, as diferentes etapas.
- Coñece as características xerais da escultura romana. Sabe explicar a influencia grega e a súa tendencia ao realismo
- Compara un templo romano e un grego identificando as súas similitudes e diferenzas a partir da observación.
- Describe símbolos do cristianismo e dos primeiros cristiáns en Roma.
- Sabe definir os conceptos básicos do tema.

Unidade 15.- A Hispania romana.

- Identifica un mapa as fases da conquista romana de Hispania.
- As actividades agrícolas e a minaría en Hispania.
- Identifica diferentes obras arquitectónicas, escultóricas e mosaicos, testemuñas da presenza romana na Península e Galicia.
- Localización nun mapa das principais obras públicas de Hispania.
- Coñece as principais aportacións da presenza romana en Hispania y a súa presenza na actualidade.

2º ESO**Contidos mínimos de Xeografía e Historia.****A IDADE MEDIA****Unidade 1.- A fragmentación do mundo antigo.**

- Identifica, sitúa e caracteriza as etapas básicas da Idade Media.
- Explica o proceso de descomposición do Imperio romano, identifica e sitúa no espazo e no tempo as tres grandes civilizacións que xurdiron no seu territorio: os reinos xermánicos, o Imperio Bizantino e o Islam.
- Sintetiza os caracteres xerais dos reinos xermánicos, e os cambios e continuidades que estableceron co modelo organizativo do Imperio romano, con especial incidencia no proceso de ruralización.
- Resume as etapas básicas da evolución histórica de Hispania neste período: a invasión dos pobos xermánicos, a formación do reino suevo de Galicia e o dominio do reino visigodo de Toledo.
- Elabora un sinxelo esquema sobre as etapas da evolución histórica do Imperio Bizantino.
- Enumera as medidas políticas, relixiosas e culturais que adoptou Carlomagno durante o seu reinado.
- Analiza o sistema de fidelidades instaurado por Carlomagno como orixe da sociedade feudal.
- Resume onde, cando e como xurdiu o Islam e explica os principios básicos desta nova relixión.
- Define, sitúa e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 2.- O Islam e al-Ándalus.

- Coñece as orixes da relixión islámica e o papel de Mahoma na difusión da nova relixión.
- Explica as características da relixión musulmán e as correntes que xurdiron á morte de Mahoma: sunismo e xiísmo.
- Localiza o ámbito xeográfico da civilización islámica.
- Coñece as etapas e os feitos máis representativos da conquista musulmán da Península Ibérica.
- Coñece os trazos da economía e as aportacións que deixaron na Península.
- Describe os trazos básicos da sociedade baixo dominio musulmán.
- Explica a vida palaciana e urbana en al-Ándalus a partir da análise de debuxos.
- Coñece as aportacións culturais e as características da arte islámica.
- Sabe definir os conceptos básicos do tema.

Unidade 3.- A Europa feudal

- Explica as orixes do feudalismo.
- Sabe en que consiste os pactos de fidelidade e de vasalaxe e coñece o ritual que acompaña a cerimonia de armar cabaleiro.
- Coñece a composición e as formas de vida e funcións dos distintos estamentos da sociedade medieval: nobres, eclesiásticos e campesiños.
- Sabe explicar as funcións da monarquía e a Curia ou Consello Real.
- Coñece as condicións de traballo dos campesiños na Idade Media.
- Explica o funcionamento dun feudo e o sistema de rotación de cultivos.
- Describe as características dos castelos medievais.
- Explica a organización da Igrexa e a súa importancia na vida social e política.
- Sabe o papel que desempeñaron os mosteiros na vida medieval.
- Identifica a través de imaxes os edificios da arte románica e os elementos plásticos que integran.
- Sabe definir os conceptos básicos do tema.

Unidade 4.- A orixe dos primeiros reinos peninsulares (séculos VIII-XIII).

- Localiza nun mapa os diferentes núcleos cristiáns de resistencia á dominación islámica na Península.
- Elabora un sinxelo esquema sobre a evolución deses mesmos núcleos entre os séculos VIII e X, relacionándoos entre si e coa situación de al-Ándalus.
- Explica a orixe do Camiño de Santiago, describe a ruta xacobeana e valora as consecuencias que supuxo o fluxo de peregrinos.
- Resume os fitos básicos da expansión territorial dos reinos peninsulares entre os séculos XI e XII.
- Asocia este proceso de reconquista co paralelo proceso de repoboación das terras ocupadas.
- Identifica os trazos esenciais da organización económica e social dos Estados cristiáns peninsulares.
- Identifica e sitúa no espazo os Estados que formaban a Península Ibérica no século XIII.
- Define, sitúa e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 5.- A cultura e a arte do Románico.

- Identifica os factores que propiciaron o xurdimento, desenvolvemento e expansión do estilo románico.
- Valora o papel que exerceu a Igrexa católica na cultura e na arte neste período.
- Resume os trazos definitorios da arquitectura románica e identifícaos sobre un plano, un debuxo ou unha ilustración.
- Describe o funcionamento dun mosteiro medieval: dependencias, personaxes, modos de vida...
- Resume os trazos definitorios da escultura e da pintura románicas e identifícaos sobre un debuxo ou unha ilustración.
- Elabora un sinxelo esquema sobre a evolución da arte románica na Península Ibérica.
- Define, sitúa e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 6.- As cidades da Europa medieval.

- Explica os factores que permitiron a recuperación da vida urbana na Plena Idade Media (XI-XIII).
- Describe a organización dunha cidade medieval: localización, plano, edificios máis importantes...
- Identifica e explica as modificacións que o renacemento urbano introduciu na sociedade feudal.
- Explica como se organizaban as actividades económicas que se desenvolvían na cidade medieval.
- Localiza sobre un mapa as rutas do comercio e os principais centros comerciais deste período.
- Explica as causas e identifica as principais manifestacións da crise baixomedieval nos diferentes ámbitos: demografía, economía, sociedade, organización política e relixiosidade.
- Define, sitúa e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 7.- Os grandes reinos peninsulares. Séculos XIII-XV.

- Resume e sitúa nun mapa o proceso de expansión territorial dos reinos cristiáns peninsulares no século XIII, tras a batalla das Navas de Tolosa (1212).
- Explica as modalidades de repoboación dos novos territorios e os colectivos que as protagonizaron.
- Describe o sistema de goberno da Coroa de Castela, facendo fincapé na composición e funcionamento das Cortes, e a relación coa monarquía.
- Sintetiza os trazos básicos da economía e a sociedade da Coroa de Castela neste período, con especial mención á importancia da gandaría lanar transhumante.
- Describe o sistema de goberno da Coroa de Aragón, facendo fincapé na composición e funcionamento das Cortes, e as diferenzas máis significativas coa Coroa de Castela.
- Sintetiza os trazos básicos da economía e a sociedade da Coroa de Aragón neste período, centrándote na expansión aragonesa polo Mediterráneo.
- Elabora un esquema sobre manifestacións da crise da Baixa Idade Media na Península Ibérica.
- Identifica, sitúa no espazo e no tempo, e sintetiza os graves conflitos sociais e políticos que asolaron os Estados cristiáns peninsulares neste período, con especial referencia ao conflito irmandiño en Galicia.
- Argumenta por que se cualificou a España medieval como un punto de encontro ou crisol de culturas.
- Define, sitúa e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 8.- A cultura e a arte do Gótico.

- Identifica e sitúa os factores que propiciaron o renacer cultural e o xurdimento do estilo gótico.
- Resume os trazos definitorios da arquitectura gótica e identifícaos sobre un plano, un debuxo ou unha ilustración. Compáraos cos da arquitectura románica.
- Resume os trazos definitorios da escultura e da pintura góticas e identifícaos sobre un debuxo ou unha ilustración. Compáraos cos da escultura e a pintura románicas.
- Elabora un sinxelo esquema sobre a evolución da arte gótica na Península Ibérica.
- Define, sitúa e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Bloque II.- XEOGRAFÍA**Unidade 9.- O escenario físico das actividades humanas.**

- Describe os tipos de mapas e os elementos que os conforman.
- Explica o concepto de escala e é quen de aplicalo sobre un mapa ou mediante sinxelos exercicios.
- Sitúa un espazo xeográfico nun mapa a partir das súas coordenadas xeográficas.
- Indica as coordenadas xeográficas dun espazo situado nun mapa.

- Identifica, diferencia e sitúa nun mapa físico os elementos fundamentais do relevo terrestre, de España e de Galicia.
- Enumera e localiza os elementos básicos da hidrografía e o litoral de España e de Galicia.
- Identifica os elementos e os factores do clima. Explica como inflúen os factores sobre os elementos do clima.
- Identifica as principais zonas climáticas da terra: sintetiza os trazos básicos do clima e vexetación característica.
- Describe os trazos básicos das paisaxes de España e de Galicia: climas, vexetación e poboamento característicos de cada unha.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 10.- Os habitantes do planeta.

- Identifica os continentes e países sobre un mapamundi mudo.
- Explica os factores que condicionan a irregular distribución da poboación mundial.
- Identifica sobre un mapamundi as áreas de maior e menor concentración de poboación no mundo.
- Explica e interpreta a estrutura biolóxica e económica da poboación dunha área determinada.
- Elabora e analiza unha pirámide de poboación.
- Describe e compara os perfís dos tres tipos de pirámide básicos: triangular, de campá e de urna.
- Explica a dinámica dunha poboación: movementos naturais e movementos migratorios. Identifica e aplica as taxas que serven para medir a dinámica demográfica.
- Compara as dinámicas demográficas en relación co grado de desenvolvemento económico dos países a escala mundial. Explica as políticas demográficas que se derivan delas.
- Describe as fases do modelo de transición demográfica.
- Sintetiza os trazos elementais da poboación en Europa: volume, distribución, dinámica demográfica e tendencias.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 11.- A poboación española.

- Valora o volume actual da poboación española e analiza como se reparte por Comunidades Autónomas.
- Explica a distribución da poboación española, os factores que a motivan e a súa evolución histórica.
- Analiza a estrutura demográfica e económica da actual poboación española e as consecuencias que se derivan das mesmas.
- Resume os trazos definitorios da dinámica demográfica en España e o seu impacto no proceso de diminución e avellentamento da poboación.
- Analiza o modelo de transición demográfica en España: valora as similitudes e as diferenzas con respecto ao resto de países occidentais desenvolvidos.
- Valora que políticas demográficas serían necesarias para afrontar os retos dunha poboación avellentada.
- Describe os distintos tipos de poboamento rural e de poboamento urbano que distinguimos en España.
- Analiza o problema de despoboamento das zonas rurais: causas, consecuencias e posibles alternativas.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 12.- As sociedades humanas e os fenómenos migratorios.

- Enumera os factores que caracterizan unha determinada sociedade.
- Define o concepto de cultura e identifica as principais áreas culturais do planeta.
- Elabora un cadro comparativo sobre os trazos básicos das sociedades tradicionais, as sociedades modernas e as sociedades posmodernas.
- Resume os trazos socioculturais que caracterizan as sociedades europea e española actuais.
- Explica os factores que explican a multiplicación dos movementos migratorios no mundo actual.
- Describe os principais fluxos migratorios que se producen na actualidade a escala mundial.
- Resume as consecuencias de todo tipo que se derivan das migracións internacionais.
- Sintetiza as causas, orixes, destino e consecuencias dos movementos migratorios exteriores e interiores en España e Galicia. nos séculos XIX e XX.
- Identifica os factores que converteron a España nun país de inmigración no cambio de século, e a composición dos colectivos de inmigrantes.
- Valora as circunstancias que explican o cambio de saldo migratorio na España actual: de país de inmigrantes a país de emigrantes.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 13.- As cidades e os procesos de urbanización.

- Explica o concepto de cidade: criterios que se usan para caracterizala e trazos que presenta a cidade.

- Compara a taxa de urbanización a escala mundial e por continentes.
- Elabora un cadro comparativo sobre os tipos de planos urbanos: época, trazos, vantaxes e problemas.
- Explica cales son as funcións principais dunha cidade e como foron evolucionando ao longo do tempo.
- Analiza o crecemento das cidades no mundo actual e os tipos de aglomeracións que xorden no proceso de crecemento: área metropolitana, conurbación e megalópole.
- Elabora un esquema sobre os niveis da xerarquía de cidades a escala mundial.
- Establece a xerarquía das cidades españolas e galegas; e localiza nun mapa os eixes do sistema urbano español.
- Explica o concepto de estrutura urbana. Confecciona un cadro comparativo entre a paisaxe urbana das cidades dos países ricos e as cidades dos países pobres.
- Elabora un mapa conceptual sobre os principais problemas que orixina o funcionamento dunha cidade.
- Enumera e describe os problemas sociais das grandes cidades do mundo actual.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade

Unidade 14.- Natureza e sociedade: harmonías, crises e impactos.

- Identifica e sitúa no tempo os tres tipos de relación que se establecen entre natureza e sociedade.
- Describe os principais riscos globais que afronta o mundo actual: a contaminación do medio, a crise da auga e a sobreexplotación dos recursos naturais.
- Resume a relación entre goce dos recursos naturais e desigualdades económicas entre países.
- Explica os principais impactos ambientais que a actividade humana provocou sobre a auga, o aire e a vexetación. Resume as características máis destacadas do cambio climático.
- Define o concepto de desenvolvemento sustentable e identifica os hábitos de consumo imprescindibles para contribuír a facelo realidade.
- Enumera os indicadores utilizados para medir o nivel de desenvolvemento dun país. A partir deles elabora un cadro comparativo entre países desenvolvidos e países subdesenvolvidos.
- Resume os principais problemas ambientais das paisaxes españolas.
- Identifica e sitúa os principais espazos naturais protexidos de España.

3º ESO**Contidos mínimos de Xeografía e Historia.****Bloque 1.- O medio físico.****Unidade 1.- O escenario físico das actividades humanas.**

- Describe os tipos de mapas e os elementos que os conforman.
- Explica o concepto de escala e é quen de aplicalo sobre un mapa ou mediante sinxelos exercicios.
- Sitúa un espazo xeográfico nun mapa a partir das súas coordenadas xeográficas.
- Indica as coordenadas xeográficas dun espazo situado nun mapa.
- Identifica, diferencia e sitúa nun mapa físico os elementos fundamentais do relevo terrestre, de Europa, de España e de Galicia.
- Enumera e localiza os elementos básicos da hidrografía e o litoral do mundo, de Europa, de España e de Galicia.
- Identifica os elementos e os factores do clima. Explica como inflúen os factores sobre os elementos do clima.
- Identifica as principais zonas climáticas da terra: sintetiza os trazos básicos do clima e vexetación característica.
- Diferencia as paisaxes de España: climas e vexetación característica.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Bloque 2.- O espazo humano.**Unidade 2.- A organización política das sociedades.**

- Define o concepto de Estado e identifica os seus elementos constitutivos.
- Compara os trazos esenciais que definen os Estados democráticos e os Estados non democráticos.
- Enumera os caracteres básicos das relacións internacionais; identifica e sitúa no mapamundi as áreas xeopolíticas e económicas mundiais.
- Sintetiza as características da Organización das Nacións Unidas (ONU) como exemplo de organización supranacional: fundación, obxectivos, composición, institucións de funcionamento e labor que realiza.
- Explica a organización política de España: as institucións de goberno, composición e funcións de cada unha delas.
- Elabora un esquema sobre a organización territorial de España: unidades, institucións de goberno particulares e funcionamento de cada unha delas.
- Sitúa nun mapa de España as provincias e as Comunidades Autónomas e indica as súas capitais.
- Elabora un esquema sobre o proceso de formación da actual Unión Europea: identifica as fases e os Estados que se incorporaron en cada unha delas.
- Sitúa nun mapa de Europa os Estados que constitúen a actual Unión Europea, diferenciando mediante símbolos, tramas ou cores a fase na que se integraron nela.
- Identifica as institucións fundamentais de funcionamento da Unión Europea, e resume a súa composición e as súas funcións.
- Comenta e valora o papel das ONG no mundo globalizado.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 3.- A organización económica das sociedades.

- Describe de forma breve e concisa en que consiste a actividade económica. Describe as fases polas que pasa un produto no seu proceso económico.
- Identifica e explica os factores que interveñen na produción de bens e servizos.
- Identifica e explica os axentes que interveñen no funcionamento da economía.
- Explica en que consisten e que actividades inclúen os distintos sectores económicos.
- Compara a poboación activa empregada en cada sector nos diversos espazos económicos do mundo.
- Resume os principios que definen o sistema capitalista, e compárao con outros sistemas económicos.
- Señala os eixes e problemas actuais da economía da Unión Europea. Comenta as medidas que propón a UE para afrontar a actual crise económica.
- Indica as causas que explican a existencia dunha crise económica no sistema capitalista e as consecuencias que comporta.
- Explica as repercusións e consecuencias negativas que supón a sobreexplotación dos recursos naturais.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 4.- O sector primario: agricultura, gandería, pesca e silvicultura.

- Explica os factores físicos e humanos que inflúen na configuración das paisaxes agrarias.

- Describe os elementos que caracterizan e diferencian as diversas paisaxes agrarias.
- Elabora un esquema comparativo dos trazos básicos da agricultura de subsistencia e a agricultura de mercado. Identifica e localiza as principais paisaxes agrarias de cada tipo a escala mundial.
- Indica cantos tipos de paisaxes agrarias se distinguen en España e en que lugares se localizan.
- Elabora unha táboa onde se resumen as características principais das diferentes paisaxes agrarias de España.
- Compara os trazos que diferencian a gandaría tradicional e a gandaría comercial.
- Establece relacións entre as zonas climáticas e a gandería que se practica.
- Identifica, compara e localiza os distintos tipos de pesca.
- Identifica os principais problemas que presenta o sector pesqueiro e as medidas se teñen proposto para palialos.
- Cita algunhas diferenzas entre a explotación dos bosques dos países subdesenvolvidos e a dos desenvolvidos.
- Elabora un cadro resumo que recolla os impactos positivos e os impactos negativos das actividades do sector primario sobre as persoas e sobre o medio natural.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 5.- O sector secundario (I): a minaría, a enerxía e a construción.

- Sintetiza nun cadro as materias primas clasificadas segundo a súa orixe.
- Interpreta mapas temáticos sobre a produción e consumo de recursos minerais e enerxéticos no mundo.
- Elabora un esquema que mostre a clasificación das fontes de enerxía: definición, trazos e tipos.
- Elabora un cadro comparativo que recolla as vantaxes e os inconvenientes que presentan as diferentes fontes de enerxía renovables e non renovables.
- Confecciona e interpreta gráficos de distinto tipo sobre o consumo das diferentes fontes de enerxía, a escala mundial, en Europa e en España e tira conclusións.
- Analiza o peso que ten o sector da construción na economía dun país, e as súas consecuencias.
- Enumera os impactos negativos que xeran as actividades deste sector sobre os seres humanos e sobre o medio ambiente.
- Explica e valora os riscos da utilización da enerxía nuclear.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 6.- O sector secundario (II): a industria.

- Explica que elementos interveñen no proceso industrial.
- Elabora un cadro que recolle a clasificación básica das industrias: tipos, en que consiste cada un, e industrias representativas de cada tipo.
- Explica a clasificación das empresas, e indica exemplos de cada un.
- Compara o traballo artesanal co traballo en cadea. Elabora unha listaxe con vantaxes e inconvenientes.
- Analiza os cambios e as continuidades que se produciron nas condicións laborais desde a Primeira Revolución Industrial ata a actualidade.
- Explica os factores tradicionais da localización industrial. Despois resume as tendencias de localización industrial na actualidade.
- Comenta a distribución das áreas industriais a escala mundial, e os cambios que se están a producir como consecuencia do impacto da globalización.
- Explica a distribución da industria en España e os retos que debe afrontar na actualidade.
- Comenta a distribución sectorial e xeográfica das grandes multinacionais a escala mundial e valora a posición de España nese marco.
- Explica, a través dun caso significativo, o problema da explotación laboral dos traballadores.
- Enumera exemplos de impactos positivos e negativos da actividade industrial sobre os seres humanos e o medio ambiente.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 7.- O sector terciario (I): os servizos,, a comunicación e a innovación.

- Explica en que consiste o sector terciario: concepto, caracteres e importancia no mundo actual.
- Detalla que actividades se inclúen no sector terciario: trazos básicos e clasificación.
- Valora a importancia do sector servizos no mundo actual e en España en particular. Concreta o caso da educación e da sanidade.
- Comenta o papel da tecnoloxía e dos medios da comunicación no proceso de globalización.
- Interpreta o concepto de aldea global. Valora os seus aspectos positivos e negativos.
- Explica o concepto I+D+i e que relación ten co desenvolvemento económico dun país. Valora a situación en España.
- Comenta que son as redes sociais virtuais, como poden influír nas relacións sociais e que riscos entrañan.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 8.- O sector terciario (II): os transportes e o turismo.

- Diferencia entre sistemas de transporte, medios de transporte e infraestruturas.
- Explica as vantaxes e inconvenientes dos sistemas de transporte: terrestre, aéreo e marítimo.
- Comenta as funcións que cumpren hoxe os transportes e explica o concepto “revolución dos transportes”.
- Explica que son as redes de transporte e a súa desigual distribución no espazo.
- Identifica os tipos de turismo e comenta a evolución deste sector nas últimas décadas no mundo.
- Valora a importancia do turismo a escala global, e en España en particular.
- Elabora un cadro que recolla os efectos positivos e negativos que provocan as actividades turísticas. Valora a sustentabilidade do turismo a longo prazo.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 9.- O sector terciario (III): as actividades comerciais e os fluxos de intercambio.

- Explica en que consiste a actividade comercial, os seus elementos e os factores que a permiten.
- Comenta a situación do comercio interior en España.
- Explica os indicadores do comercio exterior e os tipos de fluxos comerciais. Valora a situación do comercio exterior de España.
- Describe os caracteres básicos do comercio internacional no mundo globalizado e detalla a importancia dos fluxos comerciais entre as distintas áreas xeoecómicas.
- Explica os trazos e as funcións dos bloques comerciais e as grandes institucións da economía mundial.
- Razona as causas da desigualdade no mundo, desenvolvendo e relacionando os conceptos de comercio desigual e débeda externa.
- Enumera e explica os indicadores básicos que miden o grao de desenvolvemento dun país.
- Valora o impacto do consumo irresponsable sobre o planeta.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Bloque 3.- A Historia.**Unidade 10.- O nacemento do mundo moderno.**

- Identifica os tipos fundamentais de fontes históricas.
- Realiza exercicios sobre cronoloxía.
- Identifica e caracteriza de forma razoada as transformacións económicas, sociais e políticas que dan inicio á Idade Moderna a finais do século XV.
- Analiza un mapa histórico e identifica e localiza os principais Estados e Imperios de Europa no século XVI a partir da súa interpretación.
- Detalla os trazos básicos do Humanismo e compáraos co pensamento medieval. Cita os principais humanistas e as súas achegas.
- Valora o impacto da invención da imprenta no século XV na difusión das novas ideas, e as reaccións negativas que suscitou.
- Describe a situación da Igrexa a comezos do século XVI e as críticas que realizou Lutero e que deron comezo á Reforma protestante.
- Elabora un esquema sobre as principais doutrinas protestantes (luteranismo, calvinismo e anglicanismo): orixe, difusión, líderes e principios básicos.
- Explica en que consistiu a Contrarreforma e detalla as principais medidas que adoptou a Igrexa Católica para combater a expansión da Reforma protestante.
- Elabora un cadro comparativo sobre as diferenzas básicas entre católicos e protestantes.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 11.- O Renacemento, unha nova concepción da arte.

- Explica o significado de Renacemento e elabora un esquema sobre os trazos básicos da arte renacentista.
- Valora a importancia da figura dos mecenas para a creación e difusión artísticas.
- Sintetiza nun cadro o Renacemento italiano (arquitectura, escultura e pintura): trazos básicos e artistas e obras máis relevantes.
- Resume o proceso de difusión do Renacemento en Europa: identifica as peculiaridades deste período artístico en Alemaña, Francia e Flandres.
- Explica as características do Renacemento español e o estilo dos seus artistas máis relevantes.
- Analiza as transformacións fundamentais que introduciu a pintura renacentista.
- Elabora un sinxelo comentario dunha obra representativa do Renacemento.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 12.- A época dos grandes descubrimentos xeográficos.

- Sintetiza os eixes básicos do reinado dos Reis Católicos:
 - O proxecto de unificación dos reinos peninsulares.
 - A proxección exterior da monarquía.
 - A creación dunha monarquía autoritaria.
 - A consecución da unidade relixiosa.
- Valora os aspectos positivos e negativos (logros e fracasos) deses proxectos.
- Compara os trazos básicos das monarquías medievais e as monarquías autoritarias.
- Resume os caracteres fundamentais da economía e a sociedade da España dos Reis Católicos.
- Explica que factores fixeron posible os grandes descubrimentos xeográficos do século XV.
- Identifica os Estados que os protagonizaron, as rutas e os principais fitos dos descubrimentos.
- Explica en que consistía o proxecto de Colón e que erros cometeu ao planificar a súa viaxe.
- Enumera que expedicións posteriores serviron para confirmar ou rectificar as ideas de Colón.
- Identifica e sitúa no espazo e no tempo as principais culturas precolombinas
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 13.- O auge da monarquía hispánica (século XVI).

- Explica como se formou o imperio español no século XVI. Identifica os territorios que o compuñan no reinado de Carlos I e os cambios que se produciron no reinado de Felipe II.
- Sintetiza os conflitos internos que tiveron que afrontar Carlos I e Felipe II. Sitúaos no espazo e no tempo.
- Identifica os principais rivais da dinastía dos Austria en Europa durante o século XVI: cronoloxía, causas dos conflitos e resultado.
- Detalla que factores explican a rapidez da conquista de América.
- Identifica e sitúa os feitos máis relevantes da conquista de América.
- Explica que organismos e institucións se crearon para o goberno a administración das Indias.
- Comenta como se organizou a explotación económica dos territorios conquistados e colonizados.
- Elabora un esquema sobre a estrutura social da América española.
- Enumera as principais consecuencias da conquista de América nos diferentes ámbitos: demográfico, económico, social, político, cultural...
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 14.- A decadencia do Imperio dos Austrias (século XVII).

- Identifica e sitúa os principais feitos da política interior e exterior dos “Austrias menores” (século XVII).
- Enumera os factores políticos, económicos e sociais que motivaron o declive do imperio hispánico.
- Sintetiza o impacto que a participación española na Guerra dos Trinta Anos tivo sobre a perda da hexemonía en Europa.
- Explica en que consistiu a crise demográfica e económica da monarquía no século XVII.
- Valora as continuidades e os cambios que experimentou a sociedade española nese contexto.
- Explica por que se di que o século XVII foi o Século de Ouro.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 15.- A Europa do século XVII.

- Enumera os factores que permiten cualificar o século XVII como unha época de crise en Europa.
- Elabora un esquema comparativo que recolla os trazos definitorios dunha monarquía absoluta e dun Estado parlamentario.
- Sintetiza as revolucións inglesas do século XVII e os cambios que introduciron.
- Elabora unha síntese sobre as causas e consecuencias da Guerra dos Trinta Anos.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

Unidade 16.- A ciencia e a arte do Barroco.

- Explica en que consistiu a revolución científica do século XVII: resume os novos métodos de traballo e as novas teorías que impulsaron os científicos dese período.
- Valora as resistencias que provocaron estes cambios.
- Explica as principais achegas estéticas da arte barroca. Enumera as principais diferenzas coa arte do Renacemento.
- Razona por que se di que o Barroco é a arte da Contrarreforma.

- Sintetiza nun cadro a arte Barroca (arquitectura, escultura e pintura): trazos básicos, escolas estilísticas e artistas e obras máis relevantes.
- Explica que foi o Século de Ouro da pintura española. Cita os seus máximos representantes e as súas obras máis destacadas.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

4º ESO

Contidos mínimos de Ciencias Sociais.

Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789

Unidade 1.- O século XVIII: a crise do Antigo Réxime.

- Define e explica as características do Antigo Réxime.
- Compara o sistema parlamentario inglés e americano.
- Explica as principais achegas da Ilustración e menciona aos seus pensadores.
- Indica as características da monarquía borbónica en España.

Bloque 2. A era das revolucións liberais

Unidade 2.- A época das Revolucións Liberais (1789 – 1871).

- Explica as causas da Revolución francesa e os seus períodos fundamentais.
- Define o que foi o Congreso de Viena e enumera as revolucións liberais do século XIX.
- Analiza a creación dos novos estados na Europa do século XIX.

Bloque 3. A Revolución Industrial

Unidade 3.- A orixe da industrialización.

- Describe e explica o que foi a Revolución industrial.
- Enumera as diferencias entre a primeira e a segunda fase da R.I.
- Identifica e comenta os principais movementos sociais do século XIX e as asociacións obreiras.

Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial

Unidade 4.- A España do século XIX: a construción dun réxime liberal.

- Explica en que consistiu a Guerra da Independencia e a aparición do primeiro liberalismo en 1812.
- Analiza o Estado liberal na etapa de Sabela II.
- Enumera e define as características do Sexenio Democrático.
- Características da Restauración borbónica.

Unidade 5.- Industrialización e sociedade en España do século XIX.

- Explica como se iniciou a Revolución Industrial en España. Principais sectores e características.
- Indica cando xorde o movemento obreiro na España do XIX. Características.
- Describe en que consistiu a reforma agraria liberal e as súas consecuencias no futuro económico de España.
- Comenta as características os efectos que tivo a construción do ferrocarril na España de mediados do século XIX.

Unidade 6.- A época do imperialismo.

- Explica as causas e as consecuencias da expansión imperialista do século XIX.
- Analiza o reparto do mundo e sinala os principais imperios coloniais.
- Expón que fixo posible o enorme avance industrial de finais do século XIX.
- Define as características da II Revolución Industrial.
- Recolle as consecuencias económicas, políticas e sociais do colonialismo

Unidade 7.- A Primeira Guerra Mundial e a Revolución Rusa.

- Explica cales foron as causas e analiza tamén as consecuencias da Grande Guerra.
- Describe as principais causas e o proceso da Revolución Rusa.
- Analiza a organización da paz, os tratados, a SDN e o novo mapa de Europa.

Bloque 5: A época de entreguerras (1919-1945)

Unidade 8.- O período de entreguerras.

- Analiza as causas e o desenvolvemento da gran crise de 1929.
- Describe as características dos sistemas fascistas e analiza os casos italiano e alemán.
- Explica en que consistiu a ditadura stalinista soviética.
- Expón as causas e os contidos da política do “New Deal”.

Unidade 9.- España no primeiro terzo do século XX (1902 – 1939).

- Analiza as causas e o desenvolvemento da crise da Restauración (1909, 1917, 1923).
- Causas e características da ditadura de Primo de Rivera.
- Características e fases da II República española
- Analiza as causas da Guerra Civil e describe as súas fases.

Unidade 10.- A Segunda Guerra Mundial.

- Analiza por que se chegou á Segunda Guerra Mundial e describe as fases polas que atravesou.
- Explica as consecuencias da Guerra.
- Comenta as orixes da ONU, os seus órganos e o seu papel.

Bloque 6: As causas e as consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)

Unidade 11.- Un mundo dividido: Guerra Fría e descolonización.

- Definir Pano de Aceiro, Guerra Fría e coexistencia pacífica.
- Describe o proceso descolonizador e o fenómeno do Neocolonialismo.

Bloque 7: A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético

Unidade 12.- Capitalismo e comunismo: dous sistemas enfrontados.

- Describe a construción da UE.
- Define Estado de benestar e compara a evolución do bloque comunista e o bloque capitalista.

Bloque 8: O mundo recente entre os séculos XX e XXI

Unidade 13.- España: a ditadura franquista (1939 – 1975).

- Sinala as características do réxime franquista e as fases da ditadura.
- Analiza o impacto da política de crecemento económico nos anos sesenta e setenta.

Unidade 14.- Transición e democracia en España.

- Analiza as características da Transición democrática.
- Características do novo Estado constitucional.
- Analiza a obra dos primeiros gobernos democráticos.
- Comenta a crise do Estado de benestar.

Unidade 15.- O mundo actual.

- Analiza a situación de Europa trala caída do muro.
- Situación de Europa a finais do século XX.
- Sinala os novos conflitos do século XXI.

1º BACH**Contidos mínimos de Historia do Mundo Contemporáneo****Unidade 1.- O Antigo Réxime.**

- Explica os trazos característicos do Antigo Réxime e analiza a súa evolución.
- Enumera as ideas da Ilustración fronte ás do absolutismo e recoñece aos pensadores ilustrados máis destacados.
- Describe as características do parlamentarismo inglés fronte ao absolutismo.
- Analiza e compara a evolución da poboación, da sociedade e economía do Antigo Réxime a partir de gráficos.
- Analiza textos relacionados con aspectos propios do Antigo Réxime e extrae as súas propias conclusións.
- Sitúa nun mapa de Europa os diversos países ou reinos en función dos conflitos e as súas consecuencias.
- Utiliza mapas conceptuais para explicar as características propias do Antigo Réxime.
- Sitúa correctamente no tempo os feitos históricos principais do tema.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema.

Unidade 2.- A revolución industrial.

- Identifica as causas da Revolución Industrial.
- Describe as Revolucións Industriais do século XIX, establecendo os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais.
- Explica os principais sectores nos que se desenvolveu a Revolución Industrial.
- Analiza, identifica e explica os factores que favoreceron a Revolución Industrial e as industrias que as fomentaron consultando diversas fontes.
- Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial a partir de gráficos.
- Identifica e describe a nova estrutura social como consecuencia da Revolución Industrial e a importancia que o proletariado tivo nela.
- Explica as ideas xurdidas coa Revolución Industrial (liberalismo económico e capitalismo) e identifica aos pensadores máis relevantes.
- Sitúa correctamente no tempo os feitos históricos principais do tema.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema.

Unidade 3.- Revolucións liberais e nacionalismo.

- Identifica as orixes, as causas e as consecuencias da independencia dos Estados Unidos.
- Explica as orixes da Revolución francesa.
- Explica as distintas etapas da Revolución francesa; os seus trazos característicos e os acontecementos máis importantes.
- Identifica nun mapa os principais cambios territoriais en Europa tras o Congreso de Viena.
- Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena relacionándoas coas súas consecuencias e valora os cambios políticos xurdidos a raíz deste congreso.
- Describe e compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848.
- Recoñece os nacionalismos (disgregadores e unificadores) como unha reacción á Restauración.
- Describe e explica a unificación de Italia e a unificación de Alemaña a partir de fontes gráficas.
- Sitúa correctamente no tempo os feitos históricos principais do tema.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema.

Unidade 4.- Os cambios sociais. Orixes e desenvolvemento do movemento obreiro.

- Sinala os cambios producidos nas sociedades industriais.
- Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro.
- Compara as correntes de pensamento social da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.
- Identifica e explica as orixes, o desenvolvemento e a crise da I e II Internacional Socialista.
- Sitúa correctamente no tempo os feitos históricos principais do tema.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema.

Unidade 5.- As grandes potencias.

- Analiza e identifica os feitos que explican a evolución durante a Segunda Metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, Rusia, Estados Unidos e Xapón.

- Recoñece as relacións internacionais que se propiciaron en Europa no período 1870-1914.
- Identifica a Tripla Alianza e a Tripla Entente como exemplos dos resultados das relacións internacionais do período 1870-1914.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema.

Unidade 6.- Segunda revolución industrial e imperialismo.

- Identifica as causas da II Revolución Industrial.
- Analiza, identifica e explica os factores que favoreceron a II Revolución Industrial e as industrias que a fomentaron consultando diversas fontes.
- Recoñece a expansión demográfica e as grandes migracións como consecuencias sociais da Revolución Industrial.
- Explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX.
- Localiza en mapas as colonias das distintas potencias imperialistas.
- Sitúa correctamente no tempo os feitos históricos principais do tema.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema

Unidade 7.- A Primeira Guerra Mundial.

- Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas que propiciaron a I Guerra Mundial.
- Describe e compara as distintas fases da guerra.
- Analiza as repercusións demográficas, económicas e sociais da guerra.
- Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a través de mapas históricos.
- Valora as repercusións políticas dos tratados de paz.
- Describe o papel da Sociedade de Nacións nas relacións internacionais.
- Sitúa correctamente no tempo os feitos históricos principais do tema.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema.

Unidade 8.- A Revolución rusa e a URSS.

- Explica a situación de Rusia a comezos do século XX e cales foron os desencadeantes da Revolución rusa.
- Identifica e explica as causas profundas da Revolución de 1917, comprende o sistema económico e político comunista e o diferenza do capitalista
- Explica as diferenzas entre a Revolución Rusa de Febreiro de 1917 e a de Outubro de 1917.
- Analiza e explica as políticas económicas e políticas do réxime de Stalin.
- Sitúa correctamente no tempo os feitos históricos principais do tema.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema

Unidade 9.- A economía de entreguerras. A Gran Depresión.

- Explica os efectos económicos e financeiros da guerra para os países contendentes.
- Describe a evolución da economía mundial entre 1919 e 1929.
- Explica por que a sociedade de entreguerras foi unha sociedade en transformación.
- Analiza os efectos en cadea desatados polo crac bolsista.
- Analiza gráficas que explican aspectos da crise económica de 1929.
- Compara as políticas que os distintos países puxeron en marcha na década de 1930 para frear a crise.
- Analiza a política do New Deal e sinala que consecuencias tivo a súa aplicación.
- Sitúa correctamente no tempo os feitos históricos principais do tema.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema.

Unidade 10.- O ascenso dos totalitarismos fascista e nazi.

- Explica a crise das democracias liberais no período de entreguerras e valora o avance das ideoloxías autoritarias, antidemocráticas e ultranacionalistas na Europa de entreguerras.
- Enumera e describe as principais características do fascismo.
- Compara o fascismo co nazismo, as súas tácticas para chegar ao poder e o proceso de implantación dos seus Estados totalitarios.
- Compara as características do fascismo coas dunha democracia e co totalitarismo comunista indicando as súas similitudes e diferenzas

- Sitúa correctamente no tempo os feitos históricos principais do tema.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema.

Unidade 11.- A Segunda Guerra Mundial.

- Identifica, describe e analiza os feitos que conduciron á II Guerra Mundial.
- Analiza o desenvolvemento e as etapas da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos.
- Describe as consecuencias da II Guerra Mundial.
- Explica os acordos asinados nas Conferencias de Ialta e de Potsdam e analiza os cambios políticos e territoriais que experimentou Europa tras o final do conflito servíndose de mapas.
- Sitúa correctamente no tempo os feitos históricos principais do tema.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema.

Unidade 12.- A Guerra Fría.

- Explica o proceso que levou á formación dos dous bloques tras a II Guerra Mundial e localiza nun mapa os países que forma o bloque comunista e capitalista.
- Compara os sistemas políticos, económicos e ideolóxicos dos dous bloques.
- Analiza a situación económica da Europa da posguerra e identifica e explica os conflitos da Guerra Fría a partir dun mapa histórico.
- Describe os principais conflitos xurdidos durante a Guerra Fría, a Coexistencia Pacífica e a Distensión e explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas u outras fontes.
- Describe o movemento dos países non aliñados.
- Valora o final da Guerra Fría
- Sitúa correctamente no tempo os feitos históricos principais do tema.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema.

Unidade 13.- Evolución dos bloques nun mundo bipolar.

- Identifica e describe os trazos xerais do Estado de benestar e as modificacións que ha ir experimentando.
- Explica as diferenzas entre o modelo capitalista e o modelo comunista a partir da análise de documentos e da procura de información en diversas fontes.
- Enumera as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do século XX e analiza as causas das crises dos anos setenta e oitenta do século XX.
- Identifica a función das institucións da Unión Europea.
- Sitúa nun mapa aos países membros da Unión Europea.
- Explica a expansión do comunismo por Europa, Asia e África.
- Describe os trazos políticos e socioeconómicos da URSS desde a época de Breznev ata a de Gorbachov e define e relaciona as medidas tomadas na Perestroika e a Glasnost.
- Explica a desintegración da URSS, a formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas.
- Obtén e selecciona información para explicar os diversos feitos que determinan a crise do bloque comunista.
- Sitúa correctamente no tempo os feitos históricos principais do tema.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema

Unidade 14.- Descolonización e terceiro mundo.

- Define o concepto de descolonización e localiza en diversos mapas as zonas e países afectados pola descolonización e os seus conflitos.
- Establece das causas que desencadean o proceso descolonización.
- Explica as fases da descolonización e a que zonas afectou cada unha.
- Analiza e describe as características dos países do Terceiro Mundo e a orixe dos conflitos internos que padecen estes países a partir de gráficas e diversos textos.
- Analiza o papel da ONU na descolonización a partir de fontes históricas,
- Sitúa correctamente no tempo os feitos históricos principais do tema.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema

Unidade 15.- Xeopolítica do mundo actual.

- Resume os retos que ten a Unión Europea no mundo actual distinguindo os problemas que posúe para mostrarse como zona xeopolítica unida fronte a outros países ou áreas xeopolíticas a partir de noticias periodísticas.

- Analiza a evolución do mundo islámico na actualidade resumindo os seus trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais e localiza nun mapa os principais países que o forman.
- Describe os efectos da ameaza terrorista (yihadismo, etc.) sobre a vida cotiá e explica as súas características.
- Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre países emerxentes de Asia e África.
- Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual.
- Sitúa correctamente no tempo os feitos históricos principais do tema.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema.

Unidade 16.- Globalización, crise e cambios socioculturais.

- Elabora un esquema sobre a recesión económica actual e compara as políticas económicas empregadas para saír da crise en Estados Unidos e en Europa.
- Explica que é a globalización, a súa orixe e os factores que a favorecen compara os seus trazos cos dos movementos antiglobalización.
- Analiza os principais trazos da sociedade postindustrial.
- Valora a situación da muller no mundo e os problemas aos que se enfrenta a partir da análise de textos e imaxes.
- Explica as razóns da aparición da inmigración ilegal e valora o crecente respecto os dereitos humanos a partir de fontes históricas ou de medios dixitais.
- Sitúa correctamente no tempo os feitos históricos principais do tema.
- Define e utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico do tema.

2º BAC**Historia de España.****Contidos avaliados en cada unidade.****Unidade 1.- Hispania e Gallaecia na Antigüidade [desde as orixes ata o século VIII].**

- Identifica, sitúa e caracteriza as primeiras sociedades humanas na Península Ibérica.
- Identifica, sitúa e caracteriza as distintas culturas da Idade dos Metais na Península.
- Valora a importancia dos aportes dos pobos indoeuropeos e colonizadores na evolución histórica peninsular.
- Elabora un esquema sobre as fases e formas da conquista romana de Hispania e como condicionan o ritmo e o grao do proceso de romanización.
- Resume os trazos elementais da organización administrativa, da estrutura económica e a organización social da Hispania romana.
- Sintetiza o proceso de formación e evolución política dos reinos xermanos peninsulares

Unidade 2.- Al-Ándalus e os reinos cristiáns medievais [séculos VIII-XV].

- Elabora un esquema sobre as etapas básicas da historia de al-Ándalus.
- Identifica e localiza no espazo e no tempo os distintos núcleos de resistencia contra o dominio islámico.
- Sintetiza os trazos básicos da organización económica e social de al-Ándalus, en comparación cos núcleos de resistencia cristiáns.
- Elabora un esquema sobre o proceso de expansión territorial dos Estados cristiáns (reconquista.e repoboación).
- Sintetiza a evolución da organización territorial da Península na Idade Media.
- Identifica os trazos que definen a chamada crise baixomedieval: factores, manifestacións e repercusións.

Unidade 3.- Os Reis Católicos e a Monarquía Hispánica. [séculos XV-XVII].

- Sintetiza os eixes fundamentais do reinado dos Reis Católicos: o proxecto de unidade territorial, a creación dunha monarquía autoritaria, a unidade relixiosa e a proxección exterior. Identifica os feitos esenciais e valora o seu alcance.
- Explica os trazos definatorios da organización colonial e a explotación económica das Indias.
- Valora o seu impacto sobre a estrutura económica e social da Coroa de España.
- Identifica os distintos monarcas da dinastía dos Austrias e resume as liñas de actuación política emprendidas por cada un deles.
- Sintetiza as causas e o desenvolvemento dos conflitos internos que cuestionaron a política dos Austrias nos séculos XVI e XVII. Valorar o seu alcance e as súas implicacións.
- Enumera os caracteres básicos da demografía, a economía e a sociedade na España dos séculos XVI e XVII: diferencia os elementos de continuidade e de cambio.
- Identifica as causas da decadencia do imperio español e a perda da hexemonía dos Austrias en Europa.

Unidade 4.- A Monarquía borbónica no Antigo Réxime. 1700-1808.

- Resume os trazos xerais e particulares do Antigo Réxime en España e en Galicia.
- Explica as causas que desembocaron na Guerra de Sucesión e as súas consecuencias.
- Sintetiza a repercusión do proceso de centralización do poder político que levaron a cabo os Borbón.
- Identifica os principios fundamentais e os pensadores máis representativos da Ilustración en España e en Galicia.
- Sintetiza as características do Despotismo Ilustrado de Carlos III e valora o seu alcance real.

Unidade 5.- Inicios e consolidación do réxime liberal. 1808-1875.

- Explica as causas, a evolución e as consecuencias da Guerra da Independencia.
- Valora a importancia histórica das Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812 na historia de España.
- Elabora un esquema sobre a evolución do reinado de Fernando VII (1814-1833).
- Caracteriza e compara os trazos fundamentais do absolutismo e o liberalismo en España.
- Identifica as fases básicas do reinado de Isabel II. Enumera as medidas e actuacións concretas que os Gobiernos levaron a cabo en cada unha, tanto na política interna como nas relacións internacionais.

- Clasifica e caracteriza as tendencias políticas do reinado de Isabel II: carlistas, moderados, progresistas e demócratas. Explica a súa relevancia política en cada etapa.
- Compara as Constitucións de 1837, 1845 e 1856. Subliña como se recollen nelas os principios ideolóxicos dos diferentes partidos políticos.
- Comenta os factores que desencadearon a revolución de 1868 e provocaron a crise da monarquía de Isabel II
- Comenta a Constitución de 1869: identifica os principios de liberalismo democrático que recolle e compáraos cos fundamentos das Constitucións anteriores do século XIX.
- Identifica e diferencia as forzas políticas que conviviron e protagonizaron o Sexenio Democrático.
- Elabora unha síntese da evolución política do Sexenio. Identifica as principais etapas e os conflitos internos e externos que se desenvolveron en cada unha delas: Goberno provisional, Rexencia, monarquía democrática de Amadeo I de Savoia e Primeira República.
- Identifica as causas da inestabilidade política que caracterizou a I República e explica as razóns do seu fracaso. Valora a primeira experiencia republicana en España.

Unidade 6.- Estado e nación na Restauración borbónica. 1875-1931.

- Explica o proceso de Restauración da monarquía Borbónica.
- Identifica as bases legais e mecanismos institucionais que permitiron o funcionamento do chamado sistema político da Restauración.
- Enumera e caracteriza as forzas políticas que existían dentro e fora da quenda de partidos: partidos, ideoloxía, propostas e actuacións.
- Esquematiza o nacemento e a evolución dos nacionalismos catalán, vasco e galego.
- Sintetiza as causas, desenvolvemento e consecuencias das guerras de Cuba e Filipinas.
- Valora os efectos que produciu o desastre do 98 na sociedade española.
- Analiza as principais ideas do movemento rexeneracionista.
- Identifica e analiza incidencia dos diversos factores que contribuíron ao deterioro progresivo do sistema político da Restauración, e que coincidiron na crise de 1917.
- Analiza os trazos básicos da política colonial española no primeiro terzo do século XX: a cuestión marroquí e o desastre de Annual. Destacar as súas consecuencias política e sociais.
- Elabora unha visión de conxunto da conxuntura económica, social e política que propiciou o golpe de Estado de Miguel Primo de Rivera.
- Identifica os grupos que apoiaban e os que se opuña ao réxime ditatorial de Primo de Rivera.
- Comenta os obxectivos e realizacións do Directorio militar en relación cos seguintes aspectos: rexeneración da vida política, restablecemento da orde pública, os nacionalismos e a cuestión colonial.
- Analiza o labor do Directorio civil: o intento de institucionalización do réxime e a política económica da Ditadura (obxectivos e alcance real).
- Describe as causas e o proceso de decadencia da ditadura e da fin da monarquía borbónica.

Unidade 7.- As transformacións socioeconómicas na España liberal. 1808-1931.

- Explica as dificultades e limitacións básicas do desenvolvemento económico de España no século XIX.
- Analiza os principais efectos da reforma agraria e a evolución da agricultura española do século XIX.
- Sintetiza o proceso de desamortización no século XIX: obxectivos, realizacións e alcance, con especial incidencia no impacto que causou nos diferentes grupos sociais. Incide na singularidade de Galicia.
- Compara a evolución da dinámica demográfica da poboación española e a europea no século XIX.
- Identifica os obstáculos que explican o atraso do proceso de industrialización en España respecto a outros países europeos.
- Analiza os procesos de industrialización en España no século XIX en cada ámbito rexional.
- Comenta as consecuencias económicas e sociais da difusión da rede ferroviaria en España.
- Resume a evolución que experimentou o comercio exterior ao longo do século XIX e diferencia as políticas económicas adoptadas.
- Analiza a pervivencia dos elementos do Antigo Réxime na Galicia do século XIX: sistema foral, desindustrialización e atraso, etc.
- Clasifica e caracteriza os grupos sociais constituíntes da nova sociedade de clases.
- Explicar as causas e desenvolvemento da emigración transoceánica galega desde mediados do XIX.
- Analiza as principais reivindicacións e identifica as primeiras manifestacións do movemento obreiro.
- Explica as orixes e desenvolvemento das organizacións obreiras en España, en relación co movemento obreiro internacional e a conxuntura económica española.
- Compara os postulados teóricos das distintas correntes ideolóxicas do movemento obreiro en España.
- Sintetiza a evolución do movemento obreiro no período da Restauración: as correntes anarquistas, as organizacións socialistas e as sociedades obreiras católicas.
- Resume a evolución da “cuestión social” na España liberal.

Unidade 8.- Segunda República e Guerra Civil. 1931-1939.

- Analiza as circunstancias internas e internacionais en que foi proclamada a II República.
- Elabora un cadro que recolla as principais tendencias ideolóxicas actuantes ao longo do período e os partidos políticos que as representaban.
- Comenta a Constitución de 1931. Sinala os trazos esenciais do réxime republicano que establecía.
- Enumera e sintetiza as reformas deseñadas e postas en práctica durante o Bienio Reformista.
- Identifica os grupos de oposición ao goberno republicano e explica os seus intereses políticos.
- Resume os cambios introducidos polos Gobernos radical-cedistas (a política contrarreformista) e as tensións que desembocaron na revolución de outubro de 1934.
- Analiza a correlación de forzas políticas ante as eleccións de 1936 no contexto da radicalización do país.
- Explica as liñas de actuación do goberno da Fronte Popular e as reaccións que provocou.
- Comenta os factores que explican e posibilitaron o pronunciamento militar.
- Analizar a formación, composición social e localización inicial de cada un dos bandos.
- Sintetiza a evolución da guerra civil: identificar as fases básicas e os trazos definitorios de cada unha.
- Explica as posturas oficiais e as actitudes reais que adoptaron os países estranxeiros respecto á guerra civil.
- Sintetiza a evolución España republicana durante o conflito: revolución social e diverxencias políticas.
- Comenta os trazos que definen a situación e evolución da España sublevada: contrarrevolución e unificación de forzas.
- Explica os trazos ideolóxicos e organizativos do réxime de Franco que se foron perfilando no transcurso da guerra.
- Valora a represión exercida durante a guerra: analiza os elementos comúns e específicos de cada bando.

Unidade 9.- España no franquismo. 1936-1975.

- Identifica os trazos característicos do réxime franquista en relación cos sistemas políticos coetáneos.
- Resume o proceso de institucionalización do réxime franquista: as “Leis fundamentais”.
- Explica os fundamentos sociais, políticos e ideolóxicos da Ditadura.
- Esquematiza a evolución da política exterior do réxime en relación coa conxuntura internacional.
- Sintetiza os obxectivos, caracteres e consecuencias da política autárquica practicada polas autoridades franquistas tras a Guerra Civil.
- Analiza os diversos instrumentos de represión política, social, económica e ideolóxica que exerceu de forma permanente a ditadura franquista.
- Describe as manifestacións da oposición ao réxime no interior e no exterior nas décadas dos corenta e cincuenta. Valora as estratexias de actuación e a incidencia de cada un.
- Analiza os factores e os piares sobre os que se asentou o desenvolvemento económico dos anos 60.
- Explica o proceso de industrialización española desta década e os apoios con que contou.
- Describe as transformacións demográficas e sociais que se derivan do crecemento económico da España dos sesenta.
- Identifica as novas fronteiras de mobilización social e oposición política ao réxime que se formaron nesa conxuntura.
- Analizar a pugna entre aperturismo e inmovilismo político nos últimos anos do franquismo.
- Identifica e explica os problemas internos e os conflitos exteriores que se desataron nos anos finais do réxime.

Unidade 10.- España en democracia. 1975-2008.

- Identifica os trazos característicos do proceso da Transición española.
- Elabora un esquema que recolla as fases esenciais do mesmo, e indica en cada unha os protagonistas básicos e a correlación de forzas que se enfrontaban.
- Identifica os feitos que se producen durante os primeiros gobernos da monarquía (continuidade da ditadura e Lei de Reforma Política), situándoos no tempo
- Analiza a transcendencia da acción política da oposición ao réxime de Franco e a mobilización popular que tivo lugar durante a transición.
- Resume o proceso de redacción e aprobación da Constitución de 1978 e destaca os caracteres máis significativos da mesma.
- Elabora un esquema que recolla a organización política e a estrutura territorial resultante deseñadas pola Constitución.
- Sintetiza o proceso de promulgación do Estatuto de Autonomía galego e resume os cambios que supuxo a nivel institucional.
- Enumera os principais problemas aos que se tivo que enfrontar o proceso de democratización. Explica as medidas que tomaron os gobernos de UCD para intentar solucionarlos e os resultados acadados.
- Describe as características da xestión dos Gobernos socialistas: política económica, reformas sociais e institucionais, relacións coa oposición e os sindicatos, problemas máis importantes...
- Caracteriza a política internacional española na época da Transición. Analiza o proceso de integración nas institucións internacionais, fundamentalmente na Unión Europea.

Os contidos mínimos da materia de Historia de España de 2º BAC son os establecidos polo Grupo de traballo da mesma nos documentos orientativos que figuran na páxina web (<http://ciug.gal/grupos/historia.php>). A continuación detállanse por unidades.

I: DA PREHISTORIA AO SÉCULO XIX.

Bl.	Tema do libro	Termos para definir	Preguntas a desenvolver (nunha cara de folio)
1	1 Prehistoria e Historia Antiga	1.- Economía predadora 2.- Megalitismo 3.- Castro 4.- Guerras cántabras 5.- <i>Conventus</i> 6.- Bárbaros 7.- <i>Aula Regia</i>	1.- O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica (cambios económicos, sociais e culturais). 2.- Os pobos prerromanos da Península Ibérica (pobos do sur e do levante, meseteños e do occidente peninsular). 3.- Conquista e romanización (etapas da conquista, elementos de romanización: organización político-administrativa do territorio, lingua e cultura, obras públicas). 4.- A monarquía visigoda (organización política).
2	2 Historia Medieval	8.- Mozárabe 9.- Taifas 10.- Marca Hispánica 11.- Presura 12.- Carta de poboamento 13.- Manso 14.- Mesta	5.- Os musulmáns na Península Ibérica (etapas políticas e realidade socioeconómica). 6.- Reconquista e repoboación (etapas da Reconquista, modelos de repoboación). 7.- O Réxime feudal e a sociedade estamental. 8.- As crises baixomedievais (crises demográficas, problemas sociais, o caso galego: as revoltas irmandiñas do século XV).
3	3 Séculos XVI-XVII	15.- Converso 16.- Mourisco 17.- Gran Armada 18.- Terzos 19.- Valido 20.- Unión de Armas 21.- Xuntas do Reino de Galicia	9.- A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político-administrativa). 10.- A configuración do imperio español no século XVI (a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra). 11.- A crise socio-económica do século XVII (a crise demográfica, o deterioro da economía, os problemas da facenda real). 12.- O valimento do conde-duque de Olivares e a crise da monarquía (os proxectos de reforma, as revoltas de Cataluña e Portugal). 13.- Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía).
4	4 século XVIII	22.- Antigo Réxime 23.- Decretos de Nova Planta 24.- Paz de Utrecht 25.- Catastro de Ensenada 26.- Despotismo Ilustrado 27.- Regalismo borbónico 28.- Motín de Esquilache	14.- O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht). 15.- Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos. 16.- O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial). 17.- As ideas fundamentais do pensamento ilustrado.

II.- SÉCULO XIX (Bloques 5 a 8).

Bl.	Tema do libro	Termos para definir	Composición de texto histórico
5 e 6	5 Inicios e consolidación do réxime liberal 1808 - 1874	29.- Abdicación de Baiona 30.- Afrancesados 31.- Tratado de Valençay 32.- Manifesto dos Persas 33.- Pronunciamento 34.- Pragmática Sanción de 1830 35.- Estatuto Real 36.- Unión Liberal 37.- Cantonalismo 38.- Sufraxio censatario e universal	1.- A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica). 2.- As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812. 3.- A restauración de Fernando VII e do absolutismo: as etapas do reinado (delimitación temporal e características principais). 4.- A construción do Estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as distintas familias políticas). 5.- A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869. 6.- A Primeira República (proxecto de Constitución federal e cantonalismo).
8	6 As transformacións socioeconómicas na España liberal (s. XIX)	52.- Desamortización 53.- Agrarismo 54.- Ludismo	10.- A reforma agraria liberal: as desamortizacións (obxectivos e resultados). 11.- Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril. 12.- O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración).
7	7	39.- Manifesto de Sandhurst 40.- Sistema de quenda	7.- A Restauración (sistema canovista e constitución de 1876). 8.- A vida política da Restauración (quenda, caciquismo e fraude)

	Estado e Nación na Restauración Borbónica (I) 1874 - 1902	41.- Encadramento [Encasillado] 42.- Pucheirazo 43.- Caciquismo 44.- Rexeneracionismo	electoral). 9.- A cuestión nacional no último terzo do século XIX.
--	--	--	---

III.- SÉCULO XX (Bloques 9 a 12).

Bl.	Tema do libro	Termos para definir	Composición de texto histórico
9	7 Estado e Nación na Restauración Borbónica (II) 1902 - 1931	45.- Semana Tráxica 46.- Desastre de Annual 47.- Expediente Picasso 48.- Directorio Militar 49.- Unión Patriótica 50.- FAI 51.- Pacto de San Sebastián	13.- A crise da Restauración (a desarticulación do sistema canovista). 14.- A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos. 15.- A ditadura de Primo de Rivera (golpe de Estado e etapas: delimitación temporal e características principais).
10	8 Segunda República e Guerra Civil 1931 - 1939	55.- Sanjurjada 56.- CEDA 57.- Bienio Negro 58.- Fronte Popular 59.- Lexión Cóndor 60.- Brigadas Internacionais 61.- FET das XONS	16.- O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931). 17.- As grandes reformas da República. 18.- A guerra civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional.
11	España no franquismo 1939 - 1975	62.- Sindicato vertical 63.- Sección Femenina 64.- Nacional-catolicismo 65.- Plan de Estabilización 66.- Contubernio de Múnic	19.- O franquismo: características e institucionalización. 20.- O franquismo: as forzas de oposición ao réxime. 21.- O franquismo: política económica. 22.- A agonía do franquismo e os inicios da Transición.
12	España en democracia 1975 - 2015	67.- Plataxunta 68.- Lei para a reforma política 69.- UCD 70.- Pactos da Moncloa	23.- As primeiras eleccións democráticas e a Constitución de 1978. 24.- A crise da UCD e o golpe de Estado. 25.- A consolidación da democracia: os gobernos do PSOE.

2º BAC**Xeografía.**

Os contidos mínimos da materia de Xeografía de 2º BAC son os establecidos polo Grupo de traballo da mesma nos documentos orientativos que figuran na páxina web (<http://ciug.gal/grupos/xeografia.php>). A continuación detállanse por unidades.

Bloque I.- Natureza e medio ambiente en España e en Galicia.**Unidade 1.- O espazo xeográfico español: a diversidade física de España e Galicia: o relevo.****Contidos:**

- 1.1. Formación e evolución xeolóxica.
- 1.2. Variedade litolóxica e formas do relevo diferencial.
- 1.3. Unidades morfoestruturais.
- 1.4. Os solos

Parte teórica (temas):

- Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares. Tipos de unidades morfoestruturais:
 - Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas (da era arcaica ao glaciario cuaternario).

Práctica:

- Comentario guiado dun fragmento de mapa topográfico: identificación das coordenadas xeográficas, máximas e mínimas altitudes, zonas de maiores e menores pendentes, principais cursos fluviais e orientación dos mesmos.
- Mapa litolóxico de España.
- Debuxos e gráficos con tipos de modelado: granítico, cárstico, glaciario ou volcánico.
- Imaxes identificativas: pedras cabaleiras, badlands, páramos, canóns.

Vocabulario:

- Aluvión / Foz/ Litosfera/ Meseta/ Penechira/ Somonte/ Tectónica de placas/ Esteiro/ Ría/ Tómbolo/ Zócolo/ Macizos Antigos/ Cordilleiras de pregamento/ Cuncas sedimentarias.

Unidade 2.- A diversidade climática de España e a vexetación.**Contidos:**

- 2.1. Factores xeográficos e termodinámicos do clima.
- 2.2. Tipos de tempo.
- 2.3. Dominios climáticos: atlántico, mediterráneo, de interior, de montaña, subtropical.
 - 2.4 Factores da diversidade bioxeográfica.
- 2.5 Paisaxes vexetais: atlántico, mediterráneo, canario e de montaña.

Parte teórica (temas):

- Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España.
 - Factores xeográficos: latitude, situación, influencia do mar, relevo.
 - Factores termodinámicos: en altura (Jet Stream) e en superficie (centros de acción, masas de aire, frontes).

Práctica:

- Mapas do tempo en superficie: Advección do Oeste, anticiclón de verán e tempo do norte.
- Mapas de temperaturas e precipitacións medias.
- Mapa dos climas de España.
- Climogramas: análise de temperaturas, precipitacións e aridez; factores que inflúen no clima; influencia no medio; tipos de climas e localización xeográfica dos mesmos.
- Mapas de temperaturas e precipitacións medias.
- Mapas de temperaturas e precipitacións medias.
- Mapas de distribución de carballo, sobreira, faia e aciñeira.
- Comentario dunha imaxe de paisaxe natural: mediterránea, de montaña e das illas Canarias.
- Comentario de paisaxes naturais de Galicia (serras orientais, cuncas interiores e tipoloxía das rías).
- Análise de cliseries: Pireneos e Teide.

Vocabulario:

- Aridez / Barlovento/ Inversión térmica/ Isóbara/ Isohietas/ Umbría/ Laurisilva/ Maquis/ Vexetación clímax/ Vexetación antrópica/ Landa

Unidade 3.- A hidrografía.

Contidos:

- 3.1. Cuncas hidrográficas e tipos de réxime fluvial.
- 3.2. Lagos, lagoas, zonas húmidas costeiras.
- 3.3. Problemática dos recursos hídricos: transvases, desalinización, recuperación de acuíferos, saneamento dos ríos.

Parte teórica (temas):

- Problemática dos recursos hídricos en España e posibles solucións.
 - Os transvases.
 - A desalinización.
 - A recuperación de acuíferos.
 - O saneamento dos ríos.

Práctica:

- Comentario de hidrogramas (nival, nivo-pluvial, pluvio-nival, pluvial oceánico, pluvial mediterráneo). Comentario dun mapa dos recursos hídricos da península

Vocabulario:

- Cunca fluvial/ Estiaxe/ Marisma (3).

Unidade 4.- As paisaxes naturais e as interrelacións natureza-sociedade.

Contidos:

- 4.1. Repercusións ambientais da acción humana: Contaminación, cambio climático, pegada ecolóxica.
- 4.2. Respostas e solucións cara a sustentabilidade.
- 4.3. A paisaxe: recurso común, interpretación e transformacións recentes.
- 4.4. O patrimonio natural español e categorías de protección.

Parte teórica (temas):

- Repercusións ambientais da acción humana:
 - Contaminación.
 - Quecemento global.
 - Pegada ecolóxica.

Práctica:

- Os mapas poderán estar referidos a España ou Galicia.
 - Mapas de desertización e incendios forestais.
 - Comentario dunha imaxe de paisaxe natural: atlántica, mediterránea, de montaña e das illas Canarias.

Vocabulario:

- Avaliación de impacto ambiental / Ecosistema / Efecto invernadoiro / Paisaxe

Bloque II.- O espazo xeográfico e as actividades económicas.

Unidade 5.- Os espazos do sector primario.

Contidos:

- 5.1. Os usos do solo e a súa distribución: tipos e factores explicativos.
- 5.2. A estrutura agraria e as súas transformacións recentes (U.E.)
- 5.3. O desenvolvemento da gandería española e as súas transformacións.
- 5.4. A explotación dos bosques.
- 5.5. As paisaxes agrarias: atlántica, mediterránea, de interior, canaria e de montaña.
- 5.6. A pesca e os espazos pesqueiros

Parte teórica (temas):

- Transformacións recentes na estrutura agropecuaria española:
 - As explotacións agrarias.
 - Técnicas e sistemas agrarios.
 - Política Agrícola Común

Práctica:

- Comentario e localización dunha paisaxe agraria e humanizada, a través de fotografía aérea ou outros medios de reprodución.
 - Mapa de espazos pesqueiros (rexións e caladoiros).
 - Gráficos e mapas sobre a produción agraria, gandeira ou pesqueira, e poboación ocupada nestes sectores.

Vocabulario:

- Acuicultura/ Agricultura ecolóxica/ Denominación de orixe/ Desagrarización/ Explotación intensiva / Política Agrícola Común (PAC)/ Política Pesqueira Comunitaria (PPC)/ Silvicultura / Transxénicos.

Unidade 6.- Os espazos industriais.**Contidos:**

- 6.1. Proceso e factores da industrialización española.
- 6.2. O tecido industrial español e os seus contrastes.
- 6.3. Gran variedade de paisaxes industriais.
 - 6.3.1. Áreas de antiga industrialización.
 - 6.3.2. En áreas urbanas e rurais.
 - 6.3.3. Paisaxes da innovación.
- 6.4. Situación actual da industria: desafíos e globalización.
- 6.5. A enerxía: a diversidade de fontes de enerxía

Parte teórica (temas):

- Situación actual da industria en España.
 - Desafíos: problemas estruturais (dimensión, I+D+i, tecnoloxía) e consecuencias da incorporación á UE.
 - Tendencias recentes da industria en España: globalización e deslocalización.

Práctica:

- Comentario dunha paisaxe industrial e humanizada (fotografía).
- Gráficos comparativos de produción e consumo enerxético.
- Mapa das principais áreas industriais de España.
- Mapas ou planos sobre factores de localización industrial.

Vocabulario:

- Economías de escala/ Enerxías renovables/ Difusión industrial/ Fondos estruturais/ Subcontratación/ Industrias verdes/ Materias primas estratéxicas / Parque tecnolóxico.

Unidade 7.- Os espazos de servizos.**Contidos:**

- 7.1. Terciarización da economía e sociedade do benestar.
- 7.2. Distribución comercial e espazos do consumo.
- 7.3. Os servizos financeiros a súa organización espacial e a balanza de pagamentos.
- 7.4. Transporte e comunicacións.
- 7.5. Os espazos turísticos.
 - 7.5.1. Paisaxes turísticas.
 - 7.5.2. Impactos e políticas de ordenación.

Parte teórica (temas):

- Sector servizos e o proceso de terciarización da economía en España e Galicia.
 - Características do sector terciario.
 - Causas da terciarización.
 - Contrastes na localización dos servizos.

Práctica:

- Comentario de paisaxes turísticas.
- Mapas da distribución de redes e infraestruturas do transporte (AVE, autoestradas, autovías, portos e aeroportos).
- Mapas ou gráficos sobre a distribución e tendencias do turismo.

Vocabulario:

- Balanza de pagamentos/ Economía somerxida/ Ecoturismo/ Franquicia/ Plan Estratéxico de Infraestruturas do Transporte (PEIT)/ Taxas aeroportuarias/ Tour operadores.

Bloque III.- Poboación, espazo urbano e organización territorial.**Unidade 8.- A poboación española e a poboación galega.****Contidos:**

- 8.1. Dinámica da poboación.
- 8.2. Os movementos naturais da poboación.
- 8.3. Mobilidade espacial da poboación e debate sobre a inmigración.
- 8.4. A estrutura demográfica: idade, sexo e actividade económica.
- 8.5. Distribución espacial.

Parte teórica (temas):

- Dinámicas demográficas actuais.
 - Natalidade, mortalidade e fecundidade no réxime demográfico actual.
 - Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación.
- Movementos migratorios (1990 á actualidade)

Práctica:

- Comentar e comparar pirámides de poboación. (década de 1960 á actualidade)
- Analizar taxas demográficas de Galicia (movemento natural).
- Gráfica da transición demográfica en España.
- Mapas e gráficos de ocupación por sectores económicos.

Vocabulario:

- Poboación Activa, Esperanza de Vida, Réxime Demográfico, Censo de Poboación, Crecemento vexetativo, Taxa de Fecundidade, Transición Demográfica, Padrón Municipal.

Unidade 9.- O espazo urbano.**Contidos:**

- 9.1. O proceso de urbanización en España.
 - 9.1.1. Concepto de cidade.
 - 9.1.2. Axentes sociais urbanos.
 - 9.1.3. Urbanismo e ordenación do territorio.
 - 9.1.4. Morfoloxía urbana (tipos de planos).
 - 9.1.5. Funcións urbanas.
- 9.2. Fenómeno urbano en España.
 - 9.2.1. A cidade preindustrial,
 - 9.2.2. A cidade industrial.
 - 9.2.3. A cidade postindustrial.
 - 9.2.4. Xerarquías e redes urbanas en España.
- 9.3. Transformacións recentes na estrutura das cidades.
 - 9.3.1. Cidade difusa.
 - 9.3.2. Os cambios no centro urbano (degradación versus rehabilitación).
 - 9.3.3. Cambios de uso no solo urbano.
- 9.4. Impacto ambiental da urbanización.

Parte teórica (temas):

- Transformacións recentes na estrutura das cidades.
 - Cidade difusa
 - Os cambios no centro urbano (degradación versus rehabilitación).
 - Cambios de uso no solo urbano

Práctica:

- Comentario plano urbano sinalando as súas partes e a evolución histórica. (Barcelona ou Madrid).
- Paisaxe: comentario dun espazo urbano a partir dunha fotografía (alturas, tipoloxías, problemas económicos e sociais).
- Mapa do sistema urbano español.

Vocabulario:

- Área suburbana/ Área metropolitana/ Cualificación do solo/ Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) / Unidade Veciñal de Absorción (UVA)/ Xentrificación.

Unidade 10.- A organización territorial e os desequilibrios rexionais.

Contidos:

- 10.1. Evolución histórica.
- 10.2. Organización político-administrativa actual española.
 - Comunidades autónomas.
 - Poder local: a administración provincial e municipal.
- 10.3. Contrastes e políticas rexionais en España.
 - Antecedentes históricos.
 - Desequilibrios territoriais.
 - Factores de transformacións.
 - Políticas rexionais

Parte teórica (temas):

- Contrastes rexionais en España.
 - Antecedentes históricos.
 - Desequilibrios territoriais.
 - Políticas rexionais.

Práctica:

- Mapa de provincias.
- Mapa de Comunidades e Cidades Autónomas e as súas capitais.

Vocabulario:

- Parroquia, Municipio, Provincia, Comunidade Autónoma, Estatuto de autonomía.

Bloque IV.- España en Europa e no mundo.

Unidades 11- 12.- España e Galicia na Unión Europea e no mundo.

Contidos:

11. España e Galicia na Unión Europea:

- 11.1. Institucións e órganos da UE
- 11.2. A construción da UE
- 11.3. España no contexto da UE e balance da adhesión.

12. España no mundo:

- 12.1. Globalización económica.
- 12.2. O novo escenario xeopolítico.
- 12.3. Posición relativa de España no mundo.
- 12.4 España no escenario xeopolítico mundial.
- 12.5 España no escenario socioeconómico mundial.

Parte teórica (temas):

- España no escenario xeopolítico:
 - España na UE.
 - Posición de España no mundo.

Práctica:

- Mapa do PIB per cápita en Europa e no mundo.
- Mapa de espazos centrais e periféricos no mundo.

Vocabulario:

- Movementsos antiglobalización/ Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable/ Xeopolítica (3).

RELACIÓN DE CONTIDOS ABAU 2019

Bl.	Libro tema	Materia probas ABAU de Xeografía		
		Temas	Exercicio práctico	Vocabulario
0	0	<u>Introdución ao coñecemento xeográfico</u> Os contidos deste bloque terán aplicación práctica no resto dos bloques.		
I	1	<u>Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares</u> (da era arcaica ao glaciario cuaternario).	- <u>Comentario guiado dun fragmento de mapa topográfico</u> : identificación das coordenadas xeográficas, máximas e mínimas altitudes, zonas de maiores e menores pendentes, principais cursos fluviais e orientación dos mesmos. - <u>Mapa litolóxico</u> de España. - <u>Debuxos, imaxes e gráficos</u> con tipos de modelado: granítico e cárstico.	1.Aluvión 2.Foz 3.Meseta 4. Tectónica de placas/ 5. Ría 6. Tómbolo 7. Zócolo 8. Macizos Antigos 9.Cordilleiras de pregamento/ 10.Cuncas sedimentarias.
I	2,3	<u>Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España.</u> -Factores xeográficos: latitude, situación, influencia do mar, relevo. -Factores termodinámicos: en altura (Jet Stream) e en superficie (centros de acción, masas de aire, fronte).	- <u>Mapas de temperaturas e precipitacións medias.</u> - <u>Mapas do tempo en superficie</u> : Advección do Oeste e Anticiclón de Verán. - <u>Análise dun climograma</u> arquetípico dos grandes dominios climáticos españois: oceánico, mediterráneo e subtropical. - <u>Comentario de hidrogramas</u> (pluvio-nival, pluvial oceánico e pluvial mediterráneo). - <u>Comentario dunha imaxe de paisaxe natural</u> : atlántica, mediterránea ou de montaña. - <u>Análise de cliserios</u> : Pireneos e Teide.	1.Aridez 2.Barlovento 3. Inversión térmica 4.Isóbara 5.Isohieta 6.Avesedo (umbria) 7.Laurisilva 8.Maquis 9.Vexetación clímax 10.Vexetación antrópica 11.Landa 12. Cunca fluvial 13. Estiaxe 14.Marisma
I	4	<u>Repercusións ambientais da acción humana</u> : -Contaminación. -Quecemento global. -Pegada ecolóxica.		1.Efecto invernadoiro 2. Paisaxe.
III	8	<u>Dinámicas demográficas actuais</u> : -Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación. -Movementos migratorios(1990 á actualidade).	- <u>Analizar taxas demográficas</u> de Galicia(movemento natural). - <u>Comentar e comparar pirámides</u> de poboación(década de 1960 e actual). - <u>Gráfica da transición demográfica</u> en España.	1.Poboación activa 2. Esperanza de vida 3. Réxime demográfico 4. Censo de poboación 5. Crecemento vexetativo 6. Taxa de fecundidade 7. Padrón municipal.
II	5	<u>Transformacións recentes na estrutura agropecuaria española</u> : -As explotacións agrarias. -Técnicas e sistemas agrarios. -Política Agrícola Común.	- <u>Comentario e localización dunha paisaxe agraria española</u> : atlántica, mediterránea e de interior. - <u>Mapa de espazos pesqueiros</u> (rexións e caladoiros).	1. Acuicultura 2. Agricultura ecolóxica 3.Denominación de orixe 4.Desagrarización 5.Explotación intensiva 6. Política Pesqueira Comunitaria (PPC) 7. Silvicultura
II	6	<u>Situación actual da industria en España.</u> - <u>Os problemas estruturais</u> (dimensión, I+D+i, tecnoloxía). -Tendencias recentes da industria en España: globalización e deslocalización.	- <u>Comentario dunha paisaxe industrial.</u> - <u>Mapa das principais áreas industriais</u> de España.	1.Enerxías renovables 2. Fondos estruturais 3.Subcontratación 4. Industrias verdes 5. Materias primas estratéxicas 6.Parque tecnolóxico.
II	7		- <u>Comentario de paisaxes turísticas.</u> - <u>Mapas da distribución de redes e infraestruturas do transporte</u> (autoestradas e autovías). - <u>Mapas ou gráficos sobre a distribución e tendencias do turismo.</u>	1.Balanza comercial 2. Economía somerxida 3.Ecoturismo 4. Franquía 5. Taxas aeroportuarias.

III	9	<u>Transformacións recentes na estrutura das cidades.</u> -Cidade difusa. -Os cambios no centro urbano (degradación /vs/ rehabilitación). -Cambios de uso no solo urbano.	<u>-Comentario dun plano urbano:</u> Barcelona ou Madrid. <u>-Comentario dunha paisaxe urbana</u> a partir dunha fonte gráfica.	1. Área suburbana 2. Área metropolitana 3. Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) 4. Xentrificación.
III	10		-Mapa de provincias. -Mapa de Comunidades e Cidades Autónomas e as súas capitais.	1. Parroquia 2. Municipio 3. Provincia 4. Comunidade Autónoma 5 Estatuto de autonomía.
IV	11-12	<u>España no escenario xeopolítico:</u> - España na UE. - España no mundo.		1. Movementos antiglobalización 2/ Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.